

## I. DISPOSICIONES XERAIS

### MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

**7069** *Real decreto 471/2014, do 13 de xuño, polo que se crea a especialidade de «Cant Valencià» nas ensinanzas profesionais de Música e se establecen os aspectos básicos do currículo desta especialidade.*

A disposición adicional primeira do Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, prevé que a relación de especialidades instrumentais ou vocais que se establecen na citada norma poderá ser ampliada con outras que, pola súa raíz tradicional ou grao de interese etnográfico e complexidade do seu repertorio, ou polo seu valor histórico na cultura musical europea e o grao de implantación no ámbito territorial correspondente, así como debido ás novas demandas dunha sociedade plural, requiran o tratamento de especialidade. Por outra parte, no número 2 da citada disposición detállase que a creación de novas especialidades será adoptada polo Goberno, ben por instancia das comunidades autónomas ben por iniciativa propia, oídas estas. O establecemento do currículo das posibles novas especialidades rexeráse polo establecido no artigo 6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dedica o capítulo VI do título I ás ensinanzas artísticas, que teñen como finalidade proporcionar ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais, entre outros, da música. No artigo 6 bis.3 especificábase que, para as ensinanzas artísticas profesionais, o Goberno fixará os obxectivos, competencias, contidos e criterios de avaliación do currículo básico, que requirirán o 55 por 100 dos horarios escolares para as comunidades autónomas que teñan lingua cooficial e o 65 por 100 para aquelas que non a teñan.

Ante a iniciativa da Administración educativa da Comunitat Valenciana, este real decreto amplía a relación de especialidades vocais das ensinanzas profesionais de Música coa inclusión da especialidade de «Cant Valencià», denominación tradicional que engloba o «cant d'estil» e «les albaes».

A creación desta especialidade xustifícase pola importancia que o «Cant Valencià» ten como expresión viva de tradición oral na sociedade valenciana e como manifestación histórica significativa da cultura tradicional autóctona, así como tamén pola proxección que atinxiu en España durante o primeiro terzo do século XX, formando parte das máis dinámicas e coñecidas tradicións populares de canto monódico con presenza nos espazos de produción artística tradicional da época.

Coa creación desta especialidade preténdese crear un espazo que permita o ensino, o estudo, a investigación, a protección e, en consecuencia, a preservación e a difusión do canto autóctono valenciano por excelencia, como elemento de identidade e como un dos máis valiosos compoñentes vivos do patrimonio musical de tradición oral, o que permitirá educar xeracións presentes e futuras na súa práctica, a súa estética e os valores tradicionais.

De conformidade co anteriormente exposto, este real decreto, mediante o cal se amplía a relación de especialidades vocais das ensinanzas profesionais de música coa inclusión do «Cant Valencià», establece, así mesmo, os aspectos básicos do currículo da nova especialidade.

Recorreuse a unha norma regulamentaria para establecer bases estatais de conformidade co Tribunal Constitucional, que admite que «excepcionalmente» as bases poidan establecerse mediante normas regulamentarias en determinados supostos, como ocorre no presente caso, cando «resulta complemento indispensable para asegurar o

mínimo común denominador establecido nas normas legais básicas» (así, entre outras, nas SSTC 25/1983, 32/1983 e 48/1988).

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultados o Consello Escolar do Estado, as comunidades autónomas no seo da Conferencia Sectorial de Educación e a Comisión Permanente do Consello Superior de Ensinanzas Artísticas, e emitiu informe o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de xuño de 2014,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten por obxecto ampliar as especialidades a que se refire o artigo 4 do Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, coa creación da especialidade de «Cant Valencià» nas ensinanzas profesionais de música.

2. Así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 5, números 1 e 2, do Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, este real decreto establece os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas e os horarios escolares mínimos das ensinanzas profesionais de música da nova especialidade.

##### Artigo 2. *Disciplinas que constitúen o currículo.*

1. As ensinanzas profesionais de música na especialidade de «Cant Valencià» organizaranse nas disciplinas seguintes:

a) Disciplinas comúns a todas as especialidades:

- 1.º Instrumento ou Voz.
- 2.º Linguaxe Musical.
- 3.º Harmonía.

b) Disciplinas propias da especialidade.

- 1.º Conxunto.
- 2.º Coro.

2. As administracións educativas poderán incorporar outras disciplinas ao desenvolveren o currículo das ensinanzas profesionais da dita especialidade.

3. As administracións educativas determinarán os cursos en que se deberán incluír as disciplinas establecidas nos números anteriores.

##### Artigo 3. *Ensinanzas mínimas.*

1. Os obxectivos, contidos e criterios de avaliación que constitúen as ensinanzas mínimas correspondentes á disciplina común de Instrumento ou Voz das ensinanzas profesionais serán os incluídos no anexo I.

2. Os obxectivos, contidos e criterios de avaliación que constitúen as ensinanzas mínimas correspondentes ás restantes disciplinas comúns e propias da especialidade de «Cant Valencià» nas ensinanzas profesionais de música serán os incluídos para cada unha delas no anexo I do Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro.

Artigo 4. *Tempos lectivos mínimos.*

O horario escolar que corresponde en todo caso aos contidos básicos das ensinanzas mínimas, de conformidade co disposto no artigo 6 bis.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, será o establecido no anexo II deste real decreto.

Disposición adicional primeira. *Aplicación do Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro.*

As ensinanzas profesionais de música da especialidade de «Cant Valencià» rexeranse polo establecido no presente real decreto, así como polo disposto no Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro.

Disposición adicional segunda. *Non incremento do gasto de persoal.*

Da aprobación do presente real decreto non poderá derivar, en ningún caso, incremento do gasto de persoal

Disposición derradeira primeira. *Título competencial e carácter básico.*

Este real decreto ten carácter de norma básica e dítase ao abeiro do artigo 149.1.30.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais e normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, a fin de garantir o cumprimento das obrigacións dos poderes públicos nesta materia.

Disposición derradeira segunda. *Execución.*

Facúltase a persoa titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para ditar, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións requira a aplicación do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de xuño de 2014.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación, Cultura e Deporte,  
JOSÉ IGNACIO WERT ORTEGA

## ANEXO I

### Ensinanzas mínimas correspondentes á disciplina de Instrumento ou Voz das ensinanzas profesionais de música da especialidade «Cant Valencià»

#### *Introdución*

A disciplina de «Cant Valencià» oríentase ao dominio técnico e estético progresivos da voz, o canto, a dicción e o repertorio, segundo as pautas e modelos do estilo desta tradición vocal. En relación coa voz, o alumnado adquirirá o control suficiente do aire mediante a respiración diafragmática para a adecuada emisión, afinación e articulación vocal; estudará as posibilidades da voz valenciana canto a colocación, calidade tímbrica, extensión –traballando gradualmente cara aos extremos por alcanzar a tesitura necesaria–, intensidade do son vocal –proxeccionado por ser orixinalmente un «canto ao aire»–, e flexibilidade ou modulación á hora de desenvolver os melismas de cada terzo ou frase musical nunha soa respiración sen cortes. En relación co canto, adquirirá o estilo da ornamentación, os dous estilos melódicos, «cant pla» e «cant requintat», e desenvolverá as habilidades de improvisación, microvariación e coordinación conxuntural, buscando o propio estilo e utilizando as audicións comparadas de diferentes intérpretes actuais e antigos para analizar, de maneira crítica, as características das súas versións persoais. No ámbito da dicción, estudarase a vocalización adecuada dos textos líricos para conseguir a clareza, a expresividade e a intelixibilidade propias da estética tradicional do «Cant Valencià». En relación co repertorio, adquiriranse de forma gradual os diversos estilos ou modelos melódicos do «cant d'estil» e «les albaes» máis usados actualmente, e tamén os estilos de menor uso máis coñecidos.

#### *Obxectivos*

As ensinanzas correspondentes á disciplina de Instrumento ou Voz das ensinanzas profesionais de «Cant Valencià» terán como obxectivo o desenvolvemento nos alumnos das capacidades seguintes:

- a) Coñecer e dominar as posibilidades da voz no «Cant Valencià» canto á colocación, calidades tímbricas, extensión, rexistro, proxección, modulación ou flexibilidade nas inflexións ornamentais, e outros trazos do estilo ornamental tradicional.
- b) Coñecer as características e posibilidades da propia voz e utilízalas adecuadamente na interpretación do «Cant Valencià».
- c) Adquirir o control do aire por medio da respiración diafragmática para a emisión, afinación e articulación da voz aplicada ao «Cant Valencià».
- d) Adquirir e saber interpretar os distintos «estils» ou modelos melódicos do repertorio do «Cant Valencià» («cant d'estil» e «albaes»).
- e) Coñecer as características e interrelación histórica entre os estilos melódicos propios do «Cant Valencià» («cant pla» e «cant requintat») e dominalos na súa interpretación, axustándose ás distintas características vocais.
- f) Alcanzar unha perspectiva xeral das principais tradicións do canto na área mediterránea, para así poder apreciar a súa singularidade e as súas interrelacións co «Cant Valencià».
- g) Desenvolver a capacidade de interpretación individual e en grupo na «colla» de «Cant Valencià», e adquirir experiencia práctica para desenvolverse en «les cantaes» e outras ocasións musicais tradicionais.
- h) Conseguir soltura e axilidade na interpretación do «Cant Valencià» ao tempo que se escoita o «versador» apuntar ao oído a copla improvisada.

#### *Contidos*

Estudo da respiración diafragmática, da vocalización e da dicción dos textos de acordo coa estética tradicional valenciana. Traballo da intensidade e gradación do son

vocal do «Cant Valencià». Práctica da extensión gradual cara aos extremos da voz para adquirir a tesitura necesaria. Exercitación auditiva do timbre da propia voz. Interpretación de forma gradual dos distintos estilos do repertorio tradicional do «Cant Valencià». Adestramento auditivo mentres se escoita ao oído o verso improvisado. Análise das características das diferentes versións persoais a través de audicións comparadas de intérpretes de «Cant Valencià». Coñecemento da métrica e o compás dos diferentes estilos do «Cant Valencià». Práctica de conxunto, individual ou alternando os «terços» ou frases musicais, e participación en «cantaes» e outras prácticas musicais.

#### *Criterios de avaliación*

1. Utilizar o esforzo muscular, a posición correcta do corpo e a respiración adecuados ás exixencias do «Cant Valencià».

Con este criterio preténdese avaliar o dominio da coordinación motriz e o equilibrio entre os indispensables esforzos musculares que require a execución vocal do «Cant Valencià» e o grao de proxección da voz,

2. Demostrar o dominio na execución dos distintos «estils» ou modelos melódicos do «Cant Valencià» sen desligar os aspectos técnicos dos de expresión musical.

Este criterio avalía a capacidade de interrelacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para alcanzar unha interpretación adecuada.

3. Demostrar sensibilidade auditiva na afinación no uso das posibilidades sonoras da voz características do «Cant Valencià»

A través deste criterio preténdese avaliar o coñecemento das características e do funcionamento mecánico da voz no «Cant Valencià» e a utilización de todas as súas posibilidades.

4. Demostrar a autonomía necesaria, a solvencia e a capacidade para abordar individualmente o estudo dos distintos «estils» nos seus dous estilos melódicos, «pla» e «requintat», como solista e acompañado do grupo musical.

Este criterio pretende avaliar a autonomía do alumnado, a súa competencia para emprender o estudo individualizado e a capacidade que posúe dos seus dous estilos melódicos tradicionais, así como o grao de sensibilidade para aplicar os criterios estéticos e a resolución dos problemas que se lle presenten no estudo.

5. Demostrar o desenvolvemento adquirido ao realizar as inflexións vocais características do «Cant Valencià».

Este criterio avalía a competencia progresiva do alumnado no desenvolvemento da habilidade vocal propia do «Cant Valencià», aplicando os coñecementos adquiridos.

6. Demostrar autonomía, solvencia e capacidade progresiva para abordar con personalidade a interpretación dentro das marxes que permite o «estil» ou estilo vocal tradicional do «Cant Valencià», así como na resolución dos problemas técnicos e interpretativos.

Este criterio avalía a personalidade estilística individual segundo as propias capacidades vocais de cada alumno, así como o desenvolvemento da interpretación, hábitos de estudo e a capacidade autocrítica dentro do respecto ao «estil» do «Cant Valencià».

7. Interpretar en público, en grupo ou individualmente, un programa e participar nunha «cantà» tradicional de forma adecuada aos distintos niveis do alumnado, demostrando capacidade comunicativa, expresividade e calidade artística.

Mediante este criterio valórase o dominio e a comprensión que o alumnado posúe das obras, así como a capacidade de concentración sobre o resultado sonoro destas.

8. Mostrar axilidade para captar a enunciación e o contido da lírica improvisada polo «versador».

Este criterio trata de avaliar a capacidade do alumnado para entender, comprender e saber transmitir en toda a súa expresividade a mensaxe do canto, sen descoidar a concentración na execución vocal.

9. Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos.

Con este criterio quérese comprobar o desenvolvemento que o alumnado atinxiu canto aos hábitos de estudo e a capacidade de autocrítica.

10. Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.

Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumno no autocontrol, o grao de madurez da súa personalidade artística, así como a súa capacidade para acumular experiencia en futuras ocasións musicais tradicionais («cantaes»).

## ANEXO II

### Horario escolar mínimo da especialidade de «Cant Valencià» nas ensinanzas profesionais de música

Disciplina	Número de cursos	Total horas
Instrumento ou Voz . . . . .	6	180
Linguaxe musical . . . . .	2	120
Harmonía . . . . .	2	120
Coro/Conxunto (1) . . . . .	6	300

(1) Os alumnos e alumnas deberán realizar como mínimo, durante os seis cursos que compoñen as ensinanzas profesionais de música, 300 horas no conxunto das agrupacións especificadas. A disciplina de Coro cursarase un mínimo de dous cursos académicos.